

Rosalía de Castro, a ponte entre o Rexurdimento e a Renaixença

Xurxo Martínez González
Universidade de Vigo

La obra de la autora de Cantares gallegos, cuya fama y renombre en Catalunya es mayor todavía que en su misma patria.
Franquesa i Gomis

La alianza de Cataluña y Galicia es perfectamente lógica: las ahogó idéntica presión centralista; padecieron la misma persecución en su idioma, en sus costumbres, en sus anhelos.
Lois Porteiro Garea, *A los gallegos emigrados* (1918)

En 1863 ninguén imaxinaba o impacto social e cultural que tería a publicación dun libro de versos en galego asinado por unha muller de 26 anos de idade. Primeiro, porque o público potencial era moi escaso, por mor dos altos niveis de analfabetismo, e se reducía a unha intelectualidade non sempre partidaria da escrita no idioma propio de Galiza; segundo, porque era un libro redactado en galego cando este arrastraba a oprobiosa condición de ser lingua aldraxada, o cal inflúe de xeito negativo no imaxinario do común galaico; e, terceiro, porque ía asinado por unha muller sen apenas currículo literario, co que iso implica naquela sociedade patriarcal. Porén, os *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro supuxeron un revulsivo para a historia galega. Un punto e aparte. Un antes e un despois. O simbólico fin da negación dunha terra, expresada en forma de autoxenreira, e o reforzo definitivo da afirmación da vontade dun pobo en si para ser pobo para si. Converteuse, ben cedo, na obra simbólica que consolidaba a recuperación da cultura galega, da identidade na súa completa redondez, na imaxe do Rexurdimento.

Ó longo de 2013 celebrámo-lo sesquicentenario da publicación con numerosos e variados actos que nutriron a xa vizosa investigación arredor da poeta. O congreso internacional, *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, organizado polo Consello da Cultura Galega, ampliou, renovou e introduciu distintos aspectos da poliédrica figura. Un conxunto que axudou a desterra-los tópicos da muller choromiqueira, submissa e cantora de paisaxes para presentarnos unha rebelde feminista, defensora dos humildes e demandante dunha nación recoñecida¹.

As individualidades precisan, case sempre, dunha masa sobre a que erguerse. Rosalía erguíase sobre a masa cívica que denominamos Rexurdimento². Non estamos perante un fenómeno literario ou, na súa extensión, cultural que remataba coa etapa precedente dos Séculos Escuros (do XVI ao XVIII)³. Dende a nosa óptica, o Rexurdimento débese entender como un movemento de recuperación de Galiza en todos

¹ Compárese, por exemplo, a obra colectiva dos *7 ensayos sobre Rosalía* (1952) co *O clamor da rebeldía* (2010), de Pilar García Negro, e coa introdución de *Cantares gallegos* (2013), en edición a cargo de Anxo Angueira.

² Corrente integrada por axentes sociais que non procedían directamente da maioría da sociedade galega. Teñamos presente o que dixo Goethe hai anos: “O que chamades espírito dunha época é no fondo o espírito do poderoso no cal esa época se ve reflectida.” Nesta ocasión temos que situarnos no plano dunha nación periférica, cos condicionantes que isto implica. Polo tanto, ó longo deste estudo somos conscientes que os grupos culturais son reducidos e que o pobo tiña outras preocupacións. Porén, como trataremos de explicar, a *intelligentsia* galega procurou representa-la problemática (en ocasións procurando o empate coa teoría nacionalista) que padecían as camadas populares.

³ Á luz das recentes descubertas de textos en galego decatámonos que non foron tan “escuros” como se pensaba. Aínda así, a “saída” do galego dos ámbitos cultos, eclesiásticos, nobilitarios ou administrativos é case completa grazas á imposición da política e leis dos reis de Castela.

os eidos, iniciado no século XVIII, que van dende o económico até o social e ó cal pertenceron individuos de distintos saberes (xeógrafos, economistas, historiadores, enxeñeiros, botánicos, relixiosos, matemáticos etc.)⁴. Esta amplitude permitiu a emerxencia e afianzamento dunha conciencia a prol da peculiar identidade.

O Rexurdimento galego compréndese a partir da existencia duns nítidos antecedentes que cómpre mencionar para termos un retrato máis axustado da escena galega na metade do século XIX. A función realizada pola Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela (fundada en 1784 e convertida nun importante foco de pensamento liberal), a experiencia do xuntismo da guerra da independencia (coa constitución da *Junta Suprema del Reino de Galicia* con poder independente respecto da española)⁵ ou o tímido inicio de recuperación e exaltación do pasado (á calor da onda romántica), feito tanto pola xeración do Trienio Liberal (1820-1823) como pola do provincialismo (1841-1846), resultan determinantes para albiscar as liñas mestras (ideolóxicas e estéticas) deste serodio renacemento.

Pero aínda queremos indicar un punto máis. Martín Sarmiento (1695-1772), monxe bieito, discípulo do padre Feijoo e destacadísimo membro da Ilustración, singularizouse pola súa exaltada defensa da lingua galega, do campesiñado e do progreso íntegro de Galiza aínda que nun esquema neofeudalizante ou de feudalismo utópico. O profesor da Universidade de Vigo e actual presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, indica:

E aínda máis, o Rexurdimento é Sarmiento: non hai probablemente outra figura que mellor o represente. O Rexurdimento é coñecer e estudar Galicia como en tódolos sentidos a estudou e a coñeceu Sarmiento. O Rexurdimento é traballar por devolverlle a Galicia a dignidade política, social e cultural como traballou Sarmiento. O Rexurdimento é defender Galicia contra o colonialismo desde posicións transformadoras e avanzadas, como avanzado e crítico e informado é o pensamento de Sarmiento, frade bieito que ten na defensa da saúde e do benestar do xénero humano o piar básico do avance das ciencias e das técnicas. Nos alicerces do Rexurdimento, pois, a Ilustración: Sarmiento (Angueira, 26).

O interese de Sarmiento para os estudos literarios estriba na súa composición escrita totalmente en galego en 1746: *Coloquio en mil duascenas coplas galegas*⁶. O citado Anxo Angueira (Castro) demostrou con argumentos a eito a influencia de Sarmiento na concepción, deseño e escrita dos *Cantares* rosaliáns.

⁴ Para Ricardo Carballo Calero, autor da imprescindíbel *Historia da literatura galega contemporánea*, o Rexurdimento acubilla a “época que se estende dende a publicación dos *Cantares Gallegos* ate a morte de Pondal” (129). Para a profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Carme Hermida, “debe ser entendido como un amplo movemento de recuperación da cultura galega en xeral, afectando tanto á lingua como á literatura, á historia e a outros aspectos da produción cultural” (59). En xeral, a meirande parte dos estudosos sitúan o seu inicio na Xeración do 46 (os provincialistas). Para o caso da Renaixenza, distintos autores (Pere Anguera, Jordi Ginebra ou Manuel Jorba) destacaron a amplitude deste movemento alén do especificamente cultural.

⁵ O profesor Mariño Paz afirma: “Creo, pois, que se podería afirmar que, sen ter en realidade unha clara vontade independentista, Galicia dispuxo dun poder independente entre xuño de 1808 e o mesmo mes de 1809. Esta experiencia de autoxestión serviría para espertar a conciencia galeguista dos integrantes dunha xeración que, proseguindo polos vieiros que abriran os ilustrados, deixaba o terreo abonado para o definitivo estalido do noso Rexurdimento” (37-38).

⁶ Tamén se coñece como *Colección de voces y frases gallegas* ou *Coloquio de veinticuatro gallegos rústicos*. A primeira edición fíxose en 1859 a cargo do poeta Xoán Manuel Pintos, unha das figuras claves entre os precursores a Rosalía. Pódese consultar a edición facsímile do orixinal autógrafo en edición de Enrique Monteagudo.

Estas breves notas explicativas responde ó noso afán de fixa-lo concepto do Rexurdimento e situar Rosalía no lugar correspondente dentro da historia da literatura galega.

O fio de *Cantares gallegos* empregarémolo no presente artigo para engarza-la relación do Rexurdimento coa Renaixença, procurando sinala-los espazos comúns de reivindicación nacional e os ángulos de encontro entre ambas literaturas. O feito de escollermos Rosalía non só responde á xa mencionada relevancia da escritora senón porque tamén foi en Catalunya o lugar onde atopou unha atenta e calorosa recepción.

Na necrolóxica que se ofrece nas páxinas do xornal progresista *La Iberia*, onde Manuel Murguía (home de Rosalía) fora un estreito colaborador deica confundirse entre a redacción, lemos:

En Madrid, donde no se estudia atentamente el renacimiento literario de provincias, [Rosalía] casi se ha desconocido. En cambio su nombre es popularísimo en su país natal, en nuestra gran Antilla y en todas [las] repúblicas hispano americanas. Los literatos catalanes profesaban á Rosalía Castro verdadero culto. *La Iberia*, nº 9.306 (18.7.1885)

1. Breve situación de Galiza e Catalunya denantes do XIX

Un feito que diferencia e condiciona a evolución dos pobos catalán e galego, no tránsito do *Ancien Régime* ó liberalismo, é o posto que ocupan as clases sociais e quen o lideran no plano político.

No antigo Reino de Galiza, a nobreza era case na súa totalidade foránea e absentista⁷, a burguesía era fundamentalmente levantina (ligada á industria marítima) e a fidalguía, a única clase social propia do país, resistíase ao progreso vía conservación dun status máis próximo ó medieval có modelo industrial.

A política unitarista dos Reis Católicos tamén afectou a Catalunya e influíu negativamente no idioma. Unha parte da nobreza catalá adopta o castelán (por influencia da Coroa de Aragón) como lingua habitual. Porén, a existencia dun poder propio, dunha parte da nobreza arraigada no país e dun réxime de certa autonomía permitiu que o catalán continuase presente na Igrexa, administración, xustiza, cultura ou notaría. Antoni Ferrando e Miquel Nicolás sosteñen:

el català manté la seva oficialitat plena, però perd prestigi social en haver estat desproveït d'una cort reial que el fes seu i en haver estat interferit, en els seus usos oficials, per la presència del castellà, especialment per part dels organismes dependents directament o indirectament de la monarquia o de les persones que els representen (197).

A existencia de organismos propios no Principiat de Catalunya, con marxe para a actuación política, contrasta coa ausencia destes no Reino de Galiza. Un exemplo ilustrativo da “doma [de] aquela terra de Galicia”, como dixo Gerómino Zurita en *Anales de la Corona de Aragón* (1562-1580), é a propia negativa a que Galiza tivese dereito a voto nas cortes de Castela dende finais do século XIV. Até 1623 non obtivo

⁷ O proceso de substitución da nobreza galega pola castelá iníciase no século XIV e consolídase da man dos Reis Católicos no seguinte, que imponen persoas alleas a Galiza para os principais postos civís (Alcalde Maior, Real Audiencia, *Santa Hermandad* ou Gobernador) e eclesiásticos (cabido compostelán, mosteiros controlados por congregacións castelás ou a Santa Inquisición). Esta política intervencionista afectaría gravemente ó desenvolvemento económico e social de Galiza. No plano lingüístico ábrese o período de bilingüismo diglósico decote máis acentuado grazas á continuidade dunha política asimilista. Vid. Saavedra (1995), López Carreira (2005), Villares (2005) ou Pardo de Guevara (2012).

representación directa (esa función exercíaa Zamora) e, polo tanto, tampouco dereito a participar nas decisións do Reino de Castela nin a defende-los seus intereses⁸.

A potente e temperá burguesía industrial de Catalunya provén, a diferenza doutros estados europeos (Inglaterra ou Alemaña), dos estamentos populares que tiñan enraizadas a cultura e lingua catalás aínda que vivisen un período de acomodación e aceptación da cultura foránea⁹. O ambiente económico de progreso e a acumulación de capital financeiro facilitou o desenvolvemento do territorio. En Galiza o proceso industrial foi serodio e, como indicamos, o núcleo burgués proviña da costa levantina (factor que agudiza a diglosia)¹⁰. Só a fidalguía, clase heteroxénea constituída pola baixa nobreza e cunha certa estratificación popular con notábel presenza e poderío en toda a xeografía galega, tiña a posibilidade e capacidade de asumir-lo rol de lidera-lo cambio socioeconómico¹¹. Porén, como deixamos anotado antes, optou por posturas conservadoras (por mor dos seus intereses rurais), afastouse progresivamente da lingua galega e refugou promove-la revolución industrial. Unha decisión que alongaría máis o atraso en que vivía o antigo reino, reforzaría a situación diglósica e que suporía a súa propia morte lenta.

Verbo destes anteriores parágrafos, tratemos de sintetizar tres cuestións diferenciais que caracterizarán o inicio dos procesos de recuperación cultural.

A primeira das cuestións obríganos a reparar na relativa boa saúde da lingua catalá, até o século XVIII (Decreto de Nueva Planta), no ámbito da vida social, cultural e administrativa, da cal participaban estamentos acomodados. Fronte a isto, observámo-la adquisición progresiva de valores negativos que padeceu o galego ó longo de varios séculos e cunha estratificación sociolingüística moi marcada, onde o idioma propio queda reducido ó uso exclusivamente popular (ámbitos da vida rural e marítima), que á súa vez é considerada como “lingua de paletos.” Os Séculos Escuros tiveron un impacto negativo máis profundo na lingua galega cá Decadència na catalá¹².

A segunda das cuestións que queremos mencionar é a presenza de institucións propias en ambos países e o recoñecemento destas por parte dos seus habitantes como mostra dunha conciencia de identidade ou pertenza. Se Catalunya mantén vivos e útiles os organismos da Generalitat, Galiza mantén unha xunta do reino que só era quen de

⁸ A devolución ou restitución do voto en Cortes supuxo para as arcas dos nobres galegos a perda de 100.000 ducados. Un dos dous principais impulsores da recuperación do voto foi Diego Sarmiento de Acuña (Conde de Gondomar) que resulta unha excepción entre a nobreza ó deixarnos textos escritos en galego.

⁹ “És durant aquest període [primeiras décadas do XIX] que la burguesia catalana s’adscriu –no pas sense contradiccions- al projecte polític de nació espanyola i, per tant, que converteix la cultura en un recurs d’integració a aquest projecte” (Ginebra, 522).

¹⁰ A falta de desenvolvemento industrial estragou un mercado florecente en Galiza como o do liño que, incapaz de competir nos mercados económicos, foi superado polo algodón de orixe inglés e catalán. O atraso tamén supuxo o aumento nos índices emigratorios e que tería de resultado unha saída forzosa dunha importante cantidade de habitantes. Foi unha vía de fuxida social ó desequilibrio estrutural. Porén, a emigración transoceánica axudou (e moito) á elaboración do discurso galeguista: fundaron institucións de axuda mutua (centros galegos, sanatorios, sociedades de beneficencia dos naturais do reino de Galiza) que adoitaban celebrar actos de folclore e cultura propias; en Cuba ondeou a bandeira e soou o himno galegos por primeira vez na historia; publicáronse obras como *Historia de Galicia* (1865) de Manuel Murguía, *Follas novas* (1880) de Rosalía ou *Vento mareiro* (1915) de Ramón Cabanillas; e axudaron de maneira destacada en obras como a estatua dos Mártires de Carral ou a fundación da Real Academia Galega.

¹¹ Vid. Migués (1999) e Presedo Garazo (2001).

¹² A diferenza do catalán, o galego non está presente en case ningunha expresión da esfera pública: teatro, bandos políticos, catecismos, contratos forais, prensa etc. En Catalunya hai unha mingua na creación literaria en lingua propia respecto da época medieval; en Galiza os textos escritos en galego vólvense un feito extraordinario.

executa-las políticas remitidas dende Castela ou eleva-las peticións a El-Rei. Polo tanto, a presenza no imaxinario común da existencia dun poder político autónomo ten distinta graduación na conciencia e isto marcará o proceso de recuperación no século XIX.

A terceira, e última, atinxe ó papel asumido pola burguesía catalá que contrasta coa ausencia do liderado civil en Galiza no romper do liberalismo no Estado español. Cedo, os intereses nacionais de Catalunya estarían en paralelo ós intereses económicos da burguesía, producíndose un encontro frutífero na medida en que a cultura tamén forma parte do *pack* e atopa un reforzo dende as elites industriais. Galiza carece dunha clase social autóctona con mando para reclamar ou liderar procesos. Recorrerá ó esforzo voluntarioso dun escaso número de profesionais liberais (xornalistas, avogados ou médicos), convertidos en *intelligentsia*, dispostos a asumir a tarefa do rexurdir galaico en condicións de evidente precariedade¹³.

Estes apuntamentos históricos, preludio do seguinte epígrafe, pretenden amosa-los distintos camiños ós cales se chega ó renacemento destas dúas nacións periféricas e quen lideran esa tendencia. En ambos casos, a viveza da cultura residía no pobo raso, como acontecía na maioría dos países europeos¹⁴. De aí o común esforzo de coñecemento do pasado e “posta ao día” da cultura, grazas á pulsión romántica que se estendera por Europa entre finais do século XVIII e inicios do XIX.

Para rematar, en ambos territorios a lingua presentaríase como un dos contidos constitutivos dos procesos renacentistas e tamén como un elemento clave para as bases das reivindicacións políticas do catalanismo e galeguismo. A lingua como bandeira e carta de presentación.

Cristina Dupláa sostén verbo deste tema:

podemos afirmar que el elemento lingüístico, en el sentido de reivindicación de la lengua autóctona, es el punto de enlace entre ambos movimientos [Rexurdimento e Renaixença], mientras que otros aspectos más ligados a la estructura social de las nacionalidades serán presentados como connotaciones muy diferentes (414).

2. A resposta ante o desleixo centralista: o provincialismo galego

A experiencia do xuntismo, nos anos de guerra contra a invasión francesa, axudou a reforza-lo sentimento de pertenza a unha comunidade humana, coa súa identidade, que xa existía nalgúns territorios como Euskadi, Catalunya-València-Mallorca ou Galiza (de citármolas tres nacións periféricas) pero tamén en lugares como Asturias. O protagonismo asumido polas xuntas ante a ausencia do rei favoreceu un clima de aceptación e recoñecemento do poder local ou provincial fronte ó poder central. Así, nos primeiros pasos do sistema liberal español, moderados e progresistas combaterían sobre o grao de descentralización do estado: os primeiros, defensores da concentración do poder en Madrid fronte os segundos, partidarios da autonomía para concellos e provincias cunha dinámica federalizante.

¹³ A limitación de recursos económicos destinados a empresas xornalísticas ou culturais condicionou o tránsito entre unha primeira fase de dignificación cultural para unha seguinte de creación do discurso político do nacionalismo. Un feito, coidamos, que en parte explica a tardanza aludida por Álvarez Junco (592) no abrollar do galeguismo político.

¹⁴ O traballo de Anne-Marie Thiesse *La creación de las identidades nacionales. Europa: siglos XVIII-XX* (Ézaro), ofrece unha visión xeral dos diversos movementos europeos dedicados á recuperación da cultura propia e ó nacemento das identidades nacionais.

O debate sobre a división provincial, encetado xa no Trienio Liberal e executado en 1833 da man de Xavier de Burgos¹⁵, agudizou as reclamacións dun protonacionalismo contrario á idea de estado-nación impulsada dende Madrid. O modelo de estado pasaba unicamente pola capital española e por un goberno que, á súa vez, posuía delegados políticos para o control das novas provincias (xefe político, renomeado despois como gobernador civil).

Borja de Riquer sostén que o modelo de fabricación da nación española fracasou na medida en que se constrúe sen ter en conta a heteroxeneidade (mesmo se despreza e marxina) e resultou incapaz de introducir o discurso unitario con éxito vía educativa ou cultural. A nación española era un feito que viña do pasado, xa estaba formada e era incuestionábel. Isto derivou en que

la corriente hegemónica del patriotismo liberal español que era la de los moderados y de los conservadores, culminará finalmente en un nacionalismo doctrinario que intentará imponer su visión excluyente de la nación española (28).

Da mesma opinión é José Álvarez Junco: “el esfuerzo nacionalizador llevado a cabo por el Estado fue limitado o insuficiente” (596).

A solidez dos discursos identitarios, que derivarían cara a unha teorización política das nacións sen estado, débese entender (en parte) como unha reacción á inconclusa política de homoxeneización, á debilidade da “nacionalización” e á falta de respostas inmediatas ás necesidades básicas da economía e sociedade afectadas. O feito de que España non encaixase as particularidades nacionais no proxecto unitario derivou nunha demanda de poder por parte destas para xestiona-los intereses propios.

Canda este factor tamén intervén o impacto do romanticismo e a procura do *volksgeist*¹⁶. Ei-lo novo leit-motiv dos renacementos catalán e galego: descuberta e exaltación da lingua e literatura medievais, recuperación e recolecta de lendas e costumes, preocupación polo coñecemento duns antecedentes gloriosos, interese pola música popular etc. Mais a diferenza de Catalunya con *El Europeo* (1823-24), que introduciu o romanticismo nese territorio, Galiza careceu dun medio escrito que tivese igual cometido. Nin naqueles anos, nin tampouco nos seguintes.

A actitude de negación e desprezo que padecía Galiza propiciaron, en certo grao, a contestación dunha intelectualidade oposta ó enterro silencioso da súa patria/matria. Esta xeración daría nome a unha época que se coñece na historia galega como provincialismo. O especialista neste tempo, o profesor Barreiro Fernández, explica:

Este generación descubre a Galicia y la ve con ojos distintos: descubren al mismo tiempo su riqueza natural, su belleza, la dignidad moral de su gente, y su atraso económico, la marginación en que se la tiene y el desprecio al hombre

¹⁵ Para Galiza supuxo a perda dunha parte de territorio galegofalante que pasou a integrarse nas provincias de Oviedo, León e Zamora. Aínda hoxe se manteñen núcleos de galegofalantes e tradicións culturais propias da comunidade galega.

¹⁶ Xosé María Dobarro, catedrático da Universidade da Coruña, réstalle ó romanticismo a influencia sobre o Rexurdimento que até entón tiñan indicado outros estudosos (Carballo Calero, Varela etc.). Porén, nós consideramos que se ben os autores galegos tipicamente románticos escribiron en castelán, con algún episódico texto en galego (Nicomedes Pastor Díaz, Jacinto de Salas y Quiroga, Aurelio Aguirre etc.), non resta importancia ó feito de crear un contexto proclive á recuperación da cultura. Mailo proceso de aceptación do galego foi máis devagar e distante ó propio impacto romántico en Galiza. Reparemos que en 1838 José Verea e Aguiar publica a súa *Historia de Galicia* onde se percibe a chegada do mito ossiánico e se defende a orixe celta da terra galega (que atoparía en Eduardo Pondal a máxima e requintada expresión literaria) ou, incluso, na dedicatoria a Fernán Caballero (filla de Juan Nicolás Böhl de Faber, introdutor do romanticismo e tradutor dos irmáns Schlegel no Estado español) que Rosalía realiza en *Cantares gallegos*.

gallego. Al descubrimento, esta generación dará una respuesta ideológica: la creación de un movimiento, el *provincialismo* (1977, 73).

Os primeiros documentos escritos e actos simbólicos destes provincialistas, precursores do Rexurdimento pleno (que situamos en 1863 cos *Cantares gallegos*), datan da década dos anos 40, á calor do triunfo de Espartero¹⁷. Citémo-los tres máis sinalados.

Un deles será a aparición da Academia Literaria (1840-1849), protexida por Martín José Iriarte (capitán xeneral de Galiza e home de confianza do Duque da Vitoria). Supuxo a creación dun espazo público, para o encontro da elite intelectual, que permitía supera-las limitacións dos círculos privados de sociabilidade. Arredor desta institución, creada en Santiago de Compostela en vida paralela á universidade, pularían estudantes e intelectuais dispostos a recoñece-lo pasado de Galiza e a defende-los intereses materiais, sociais, económicos e culturais da terra propia¹⁸.

O segundo feito de relevancia é a publicación de numerosas (en comparación co case desértico panorama dos anos previos) cabeceiras xornalísticas. A diferenza dos antecedentes da prensa da francesada, agora atopámonos cuns xornais que recollen, deica nos mesmos títulos, esa expresión da conciencia (mergullada) galega: *El Iris de Galicia* (1841), *El Idólatra de Galicia* (1841-42), *El Emancipador Gallego* (1842), *La Situación de Galicia* (1842-43) ou *La Aurora de Galicia* (1845). Nos títulos, en contraste coa primeira prensa (*El Catón Compostelano, Diario de la Coruña* ou *El Ciudadano por la Constitución*), alúdese directamente ó topónimo Galiza. Albiscámo-la vontade de expresa-la opinión dende posicións galeguistas (ora fosen moderadas, ora fosen progresistas). Practicamente tódolos colaboradores dos xornais desta etapa, incluídos redactores e directores, eran membros da Academia Literaria.

O terceiro dos feitos que consideramos é a aparición regular de textos literarios en galego¹⁹. O número limitado destes non deben empequeñece-la importancia dos mesmos escritos polo seguinte: supón o inicio da creba contra as desconsideracións do galego como lingua de cultura ou de estamentos respectábeis²⁰. Á vez situemos este impulso de recuperación do idioma escrito en consonancia coas tendencias e teses fundamentais do romanticismo.

O provincialismo galego viviu unha etapa de auxe deica 1846. En abril dese ano prodúcese o levantamento progresista en toda Galiza. O estamento civil liderará a liña política da *Junta Superior de Galicia* e declarará esta terra como “una verdadera colonia de la corte.” A derrota e o fusilamento dos xefes militares en Carral (Mártires de Carral) significou o inicio dun período decadente que se reanimaría catro anos despois da man da prensa e do retorno dos exiliados.

Denuncia, pois da condición colonial de Galiza, como Vicent Boix en 1855:

¹⁷ Ramón Mariño opta por denominar a esta etapa anterior a Rosalía a “antesala do Rexurdimento” (1999, 377).

¹⁸ No reparto de profesións atopamos no núcleo central a estudantes e mestres universitarios, xunto a relixiosos, avogados, militares e escasísimos comerciantes.

¹⁹ Algúns destes autores son Vicente Turnes, Francisco Añón, Alberto Camino, Marcial Valladares ou Xoán Manuel Pintos. Cómpre sinalar que daquela se coñecía de maneira difusa o rico pasado das cantigas medievas. Estes escritores, como moitos da xeración de Rosalía, teñen conciencia de encetar a literatura galega. A difusión e popularización da riqueza medieval galega veu da man do escritor luso Teófilo Braga, coa edición do *Cancioneiro portuguez da Vaticana* (1878), do cal copiará textos o coruñés Antonio de la Iglesia para *El idioma gallego. Su antigüedad y vida* (1886). O *Cancioneiro de Baena*, publicado en 1851, non recolle a época central da prosperidade lírica galega e só inclúe os poetas da escola galego-castelá.

²⁰ Na época inmediatamente posterior á francesada publicáanse distintos textos en galego. Na súa maioría pretenden alimentar no pobo unha simpatía pola opción liberal ou absolutista.

La centralización exagerada de nuestros días ha dado el último golpe á la exigua independencia que disfrutaban todavía nuestras Municipalidades. Las provincias no son ya más que unas colonias desgraciadas.

O escritor de Xàtiva coincidiria co ribadaviense Eduardo Chao e o ribadense Vicente Álvarez Miranda (ambos republicanos en contacto cos provincialistas) na redacción d'*El Huracán* (1840-43). O elo foi o republicanismo e o progresismo. Por medio dese lazo poderemos albisca-los primeiros diálogos entre Catalunya-València e Galiza.

3. Primeiras mostras do encontro cultural

Unha das primeiras personalidades que se interesou na produción cultural galega foi o liberal progresista e promotor senlleiro da Renaixença, Víctor Balaguer. A empatía ideolóxica deste con varios dos intelectuais do provincialismo pode explica-la orixe.

A coincidencia de galegos e cataláns nos círculos literarios e no Liceo de Madrid, a conivencia política nas organizacións de carácter liberal ou a publicación de artigos con sabor patrio en revistas e xornais de alento cultural (por exemplo, en *El Semanario Pintoresco Español*, onde colaboraron Víctor Balaguer ou Antonio Neira de Mosquera), facilitaron as canles de comunicación²¹.

As investigacións que realizamos arredor de Eduardo Chao, figura emblemática do republicanismo federal galego, provincialista de corazón e un dos fundadores do Partido Demócrata, nos reafirmaron na importante e selecta relación cos intelectuais e políticos da época²². Eduardo Chao traballaba para a editorial Gaspar y Roig, mantiña amizades con destacados cataláns (Balaguer, Robert Robert, Pi i Margall...) e mesmo dirixiu a obra *La guerra de Cataluña* (1847). Non temos constancia documental, arestora, dos seus primeiros encontros con intelectuais cataláns pero non descartemos que el fose un deses puntos de contacto entre ambos pobos.

As probas máis remotas desta conexión atopámolas nas páxinas d'*El Idólatra de Galicia* (1841-42), que dirixía o militar provincialista Domingo Díaz de Robles e que actuaba como voceiro da Academia Literaria. Pois ben, a poeta valenciana Amalia Fenollosa (protexida de Víctor Balaguer e co tempo esposa de Joan Mañé i Flaquer²³) fora nomeada socia de mérito da institución galega e os seus versos foron publicados no citado xornal. Apenas era unha rapaza que comezaba a despuntar. A causa desta prematura aparición de Amalia Fenollosa débese á relación que Domingo Díaz de Robles mantivo co seu pai (morto cando ela tiña 14 anos), segundo nos permite abesullar nunhas notas biográficas²⁴.

Deseguido reparamos en *El Recreo Compostelano*, que dirixía Antonio Neira de Mosquera e redactaba Antolín Faraldo. Neste medio colaborou Víctor Balaguer. Justo Beramendi xa destaca esta cooperación como “un temperán nexo de unión entre o provincialismo galego e o catalán” (81).

²¹ Non descartamos tampouco que a burguesía catalá (Molins, Ferrer, Buch etc.) asentada en cidades coma Vigo favorecese tamén o intercambio cultural.

²² Protexeu a moitos provincialistas reprimidos tralo 1846, promoveu cabeceiras xornalísticas tan notábeis como *La Oliva* (1856-57/1868-73) e *El Miño* (1857-1868). Manuel Curros Enríquez escribiríalle a biografía trala súa morte. E non esquezamos, tamén, que Rosalía de Castro era familiar, o cal podería explicar a boa acollida do primeiro poemario da escritora, *La flor* (1857), na prensa progresista de Madrid, onde Chao era un incansábel dinamizador.

²³ Joan Mañé saudou calorosamente a saída da revista *El Porvenir* dende as páxinas d'*El Genio*.

²⁴ Vid. “Biografía. Doña Amalia Fenollosa”, en *El Idólatra de Galicia*, nº 2 (9.10.1841). Ademais, Díaz de Robles, autor de textos en galego e que loitou contra os carlistas en Vila-real e en Alcora, prologou e editou o libro da poeta valenciana titulado *Poesías* (Imprenta de Baroja, 1843), segundo narra Manuel Murguía (183).

Antonio Neira de Mosquera destacou no traballo xornalístico. Dende esta esfera pública levou unha activa campaña a prol do provincialismo e da recuperación da cultura galega. En 1843 trasladárase a Madrid e integrárase nos círculos culturais. Axiña lle abren as portas da Sociedad Arqueológica Matritense²⁵. Foi socio de mérito da Sociedad Filomática de Barcelona²⁶, do Liceo de Valencia e da Sociedad Económica tamén da cidade do Túria. Descoñecemos dende cal ano mais parece sostíbel que Neira de Mosquera fose un sólido gonzo entre Balaguer e Galiza.

O intelectual catalán correspondería os galegos ofrecendo as páxinas do semanario *El Genio*, que el mesmo fundara e dirixira. A nómina de escritores provincialistas é destacada: Benito Vicetto, José Domínguez Izquierdo, Ramón de la Sagra, José Benito Amado, Antolín Faraldo e o propio Neira de Mosquera²⁷.

De todos eles, o máis notorio na historia de Galiza foi o estudante de Medicina Antolín Faraldo, quen asina a súa primeira colaboración co título “Una opinión y literaria filosófica”²⁸. Estamos ante o principal difusor e líder político do (desartellado a nivel ideolóxico) provincialismo galego. Adscríbese a redacción do manifesto da xunta galega de 1846 en que Galiza se definía como colonia. Unha figura radical nas posicións avanzadas²⁹, estudoso na procura do pasado heroico e militante do Partido Progresista que encarnou as máis altas aspiracións autonomistas de Galiza³⁰.

El Genio de Barcelona e *El Porvenir* de Compostela foron os primeiros espazos escritos onde se produce un diálogo continuado entre as dúas nacións periféricas³¹. Balaguer e Faraldo como os primeiros piares da ponte cultural e política³².

4. A reconstrución tras 1846 deica *Cantares gallegos*

As distintas experiencias acumuladas no agatñar inicial do provincialismo e a herdanza viva da memoria chegaron ás mans da xeración de Rosalía de Castro. A publicación de *Cantares gallegos* débese entender como o cume de tódalas anteriores e inmediatas vivencias dos escritores galegos. A súa obra foi o romper dun río subterráneo na fonte ou na fervenza onde a auga non deixa de fluír. Mudaría, para sempre, a visión que os galegos tiñan de si mesmos e de Galiza, que arrastraban unha

²⁵ Hai que lembrar que Neira de Mosquera xa fundara o 19 de xuño de 1843 a Sociedad Arqueológica Gallega, co historiador José Vereá e Aguiar na presidencia e el mesmo como secretario. Esta institución traballaría en liña cos postulados provincialistas. Máis adiante sería nomeado membro correspondente da Real Academia de la Historia. Morreu novo, con 31 anos de idade, como moitos escritores de brillante proxección: Antolín Faraldo, José Rúa Figueroa, Vicente Manuel Cociña, Aurelio Aguirre etc.

²⁶ Creada en 1839, fusionárase en 1860 co Ateneo Catalán. Algúns dos seus membros foron Manuel Milà, Pau Piferrer ou Pi i Margall. É a institución máis próxima ó que foi a Academia Literaria de Santiago de Compostela.

²⁷ Vid. *El Genio*, nº 1 (13.10.1844).

²⁸ Vid. *El Genio*, nº 3 (27.10.1844).

²⁹ A el débese o artigo “Nuestra bandera literaria”, publicado en *El Porvenir* e tachado de manifesto de literatura anarquista. *El Genio* reproducírao con esta breve introdución: “leemos un artículo debido á la pluma de seu director [Faraldo], cuyas ideas están tan en completa armonía con las nuestra, que ni un momento hemos vacilado en transcribirlo íntegro á nuestras columnas.” Vid. *El Genio*, nº 19 (16.2.1845).

³⁰ Coidamos moi relevante liga-lo feito e efecto políticos que xerou o provincialismo coa aparición do Rexurdimento pleno. Non podemos, por tanto, esgazar ou xebra-la acción política provincialista da acción literaria de escritores como Rosalía, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal.

³¹ Dende o semanario barcelonés anúnciase a publicación: “La juventud gallega va á publicar una revista literaria en Santiago, cuya dirección ha encomendado á nuestro colaborador D. Antolín Faraldo. Se titulará *El Porvenir* y su principal objeto será hacer ver que el país gallego no merece la calificación de *inepto* con que le han injuriado tantos escritores que se ocuparon de él sin conocerlo.” Vid. *El Genio*, nº 15 (19.1.1845). O periódico galego sería prohibido no mesmo ano por orde gubernativa.

³² O propio Víctor Balaguer dedicaríaa a Antolín Faraldo o poema “El porvenir”, publicado en *El Genio*, nº 22 (16.3.1845), e presidiría co tempo os Xogos Florais de Pontevedra (12 de agosto de 1884).

inútil e destrutiva autoxenreira á cal Rosalía ofrecera a súa vacina, tanto en termos culturais coma identitarios. Mais detallemos algunhas mudanzas da xeración de Rosalía respecto dos provincialistas da primeira década dos 40.

Unha delas é a substitución progresiva da Academia Literaria por El Liceo de la Juventud en canto centro de irradiación dos postulados do Rexurdimento³³. A esta institución, tamén coñecida como El Liceo de Santo Agostiño (por estaren as súas salas no ex-covento), pertenceron Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, os irmáns De la Iglesia, Eduardo Pondal etc.

A prensa da década dos 40 asentou con rotundidade o provincialismo. Agora padecerá anos de soidade no que atinxe á teorización política mais manterá o mesmo estandarte da recuperación cultural, que é outra fórmula de expresión da conciencia do diferente por medio da identidade que xorde na literatura, costumes ou música³⁴.

Porén cómpre sinalar, como un feito destacado, a descentralización da prensa: se antes practicamente tódalas cabeceiras saían en Compostela, agora imos atopalas na Coruña (*El Liceo*, 1846; *El Clamor de Galicia*, 1854-56; *El Defensor de Galicia*, 1856; *El Fomento de Galicia*, 1857-58), Vigo (*La Oliva*, 1857-57/1868-73; *El Miño*, 1857-1868) ou Pontevedra (*La Distracción*, 1847; *El País*, 1857-58). Mentres, na capital galega, Neira de Mosquera fundaría e dirixiría *El Eco de Galicia* (1851-52).

A publicación d'*A gaita gallega* (1853) de Xoán Manuel Pintos situou de novo ó galego entre as principais inquedañas da intelectualidade galega. O subtítulo é ben ilustrativo: “Tocada polo gaitero, ou sea, carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda mais.” En 1859 o propio Pintos editaría as *Coplas* de Sarmiento, das cales xa falamos e onde se percibe novamente o interese pola lingua galega xunto á gabanza do pasado glorioso (neste caso o ilustrado Sarmiento).

Existen algunhas disimilitudes coa Renaixenza que queremos mencionar. Por un lado, os escritores cataláns optan por un estilo arcaizante e moi marcado polo estudo da obra dos antigos trovadores. Os autores do Rexurdimento, todos con escaso e esvaecido coñecemento da etapa das letras galegas na Idade Media, optan pola defensa da cultura popular, incluída a lingua galega deturpada con castelanismos³⁵. O obxectivo non é restaura-la lingua dos devanceiros nin as formas lexicais ou gramaticais antigas senón espeli-los prexuízos que recaían sobre ela polo medio máis eficaz: converte-la lingua dos pobres en lingua de cultura (grazas á literatura), exaltando o valor do galego como transporte das emocións e sentimentos, afirmando e demostrando a capacidade de expresar calquera idea, expresión ou pensamento na propia fala. Isto percíbese moi claramente tanto na obra de Xoán Manuel Pintos como na de Rosalía de Castro.

Por outra banda, as liñas ideolóxicas que predominan no Rexurdimento son claramente progresistas fronte ás dúas sensibilidades liberais (progresistas e moderadas) da Renaixenza. A denuncia da situación social (marcada polos anos da gran fame e a emigración de milleiros de paisanos), a crítica ó poder en calquera da súas expresións (caciquil, eclesiástico ou económico) e a rebeldía ante uns prexuízos clasistas que

³³ El Liceo naceu na simbólica data do 26 de abril de 1847, primeiro aniversario dos Mártires de Carral. O seu presidente foi o historiador provincialista Leopoldo Martínez Padín e o seu secretario o incombustíbel Neira de Mosquera.

³⁴ Aínda non se fixo ningún estudo para valora-lo impacto da represión exercida en Galiza tralo levantamento de 1846 e como influíu no proceso do renacemento galego. Pensemos que moitos dos líderes provincialistas tiveron que exiliarse en Portugal, Inglaterra e noutros lugares do Estado español: Antolín Faraldo, Vicente Manuel Cociña, José Rúa Figueroa, Antonio Romero Ortiz etc. Tampouco sabemos deica cal punto estes anos de silencio se deben ó temor da represalia governamental.

³⁵ Ei-la explicación da presenza de “gallega” ou “gallegos” nos títulos das obras de Pintos e Rosalía. Os dous aspiran a falar na lingua común sen entrar en correccións ou depuracións lingüísticas.

alimentaron a diglosia no territorio adoitan estar presentes en numerosos autores con obra en galego³⁶. O Rexurdimento ten unha enorme base de realismo social. Cristina Dupláa sostén: “Es, pues, en el aspecto social donde podemos ver las diferencias discursivas entre Rexurdimento y Renaixença” (417).

Antoni de Bofarull publicou en 1858 *Los trovadores nous* e ó ano seguinte Víctor Balaguer a colección *Los trovadores modernos*, que abren o camiño á convocatoria dos *Jocs Florals* celebrado en Barcelona e València no ano 1859. O acto sería imitado polos intelectuais galegos ó convoca-los Xogos Florais da Coruña en 1861³⁷. Tralo certame e grazas á achega económica de Pascual López Cortón, publicáronse os textos presentados no *Álbum de la Caridad* (1862), que reunía tamén outras colaboracións de poetas galegos³⁸.

Juan Compañel, compostelán de raizames valencianas que editou e imprimiu *Cantares gallegos* en Vigo, dirixía *El Miño*, o xornal que acolleu as voces do Rexurdimento³⁹. Decidiu recompilar e publica-las colaboracións literarias en *El Álbum de El Miño* (1858), que recolle producións tanto en galego coma en castelán e de autores de tempos pasados.

María do Cebreiro indícanos de maneira atinada:

Os álbumes galegos e os cartapacios cataláns, fundamentados no principio de colección, estaban favorecendo a satisfacción das demandas dun programa de caracterización identitaria baseado no valor de *existencia* dos poetas escolmados, que coa súa inclusión no corpo textual non estaban tanto representando a súa propia obra como a mesma existencia da cultura á que a súa obra se adscribía (71).

Os *Jocs* perpetuáronse como unha convocatoria anual até 1868. Antón M. Espadaler afirma:

Tot i les seves limitacions, la institució dels Jocs Florals esdevingué una de les plataformes més sòlides i representatives de la Renaixença, i fou la instància bàsica difusora d'aquest catalanisme literari i historicista (153).

Porén, os Xogos non coñeceron ningunha estabilidade e a súa convocatoria foi intermitente.

O erudito Manuel Milà i Fontanals, un dos impulsores dos *Jocs Florals*, destacaba en 1855, no *Diario de Barcelona*, a existencia da lírica medieval galega, neste caso a recollida no Cancioneiro de Baena (publicada, como dixemos, en 1851). Mailas cantigas incluídas pertenceren á etapa decadente, a chamada escola galego-castelá.

Seis anos despois incluíría un breve capítulo sobre a lírica galego-portuguesa na obra *De los trovadores en España*⁴⁰, que non recollía as composicións de maior

³⁶ Aínda que Galiza arrastra a pérfida fama de ser un país tradicionalista e conservador, hai que advertir que o liberalismo tivo unha forte pegada na intelectualidade, como se pode observar nos distintos intres revolucionarios da primeira metade do XIX (a francesada, o Trienio Liberal, a Rexencia de Espartero ou A Vicalvarada). Un dato puntual que nos permita soste esta idea: nas Cortes de 1854 Galiza tiña até catro deputados demócratas (Eduardo Chao, Eduardo Ruiz Pons, Juan Manuel Pereira e Manuel Bertemati, aínda que este último aceptaría a acta pola provincia de Cádiz e non pola de Pontevedra, para así permitir a entrada doutro deputado galego progresista).

³⁷ Porén, na convocatoria galega non hai intención de exalta-lo pasado medieval nin imita-las cantigas daquel tempo. En realidade, fíxose por imitación dos escritores cataláns.

³⁸ A colección ía dedicada á protectora dos Xogos Florais, Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina.

³⁹ Tristemente, dos case dous mil números que chegou a publicar apenas temos acceso hoxe a pouco máis dunha centena. As páxinas do Rexurdimento e moitas respostas ás dúbidas da investigación están escritas neste periódico vigués.

⁴⁰ Nesta obra, Manuel Milà xa cita a obra filolóxica de Sarmiento, a quen define como “crítico muy perspicaz aunque indigesto” (492).

esplendor e calidade porque aínda non foran descubertas. Porén, Manuel Milà sumariase a Víctor Balaguer no cercano seguimento da literatura galega⁴¹.

5. Rosalía de Castro e Catalunya

Os estudosos da Renaixença subliñan o prólogo dos poemas de Joaquim Rubió i Ors (Lo Gaiter del Llobregat), publicados en 1841, como unha expresión ou manifesto das aspiracións daquel movemento. Adóitase extractar:

Catalunya pot aspirar encara à la independència, no à la política [...]; pero si a la lliteraria, fins à la qual no se estent ni se pot estendrer la política del equilibri.

O mesmo se pode indicar das verbas introdutorias de *Cantares gallegos* asinadas pola propia Rosalía: o propósito de rehabilitación e exaltación de Galiza.

Queira o ceo que outro máis afertunado que eu poida describir cos seus cores verdadeiros os cuadros encantadores que por aquí se atopan, inda no rincón máis escondido e olvidado, pra que así, ó menos en fama xa que non en proveito, gane e se vexa co respecto e admiración merecidas esta infortunada Galicia!

Nestes dous extractos albiscámo-las distintas aspiracións. Aínda que o Joaquim Rubió descarta a reivindicación política, a mención expresa á independència literaria amosa unha clara conciencia diferencial (campo literario soberano) que, co paso do tempo, se proxectaría como demanda política (autonomía ou independència). Pola contra, o texto de Rosalía aspira a desfacerse da visión tebregosa e aldraxante que existía arredor de Galiza e as súas fórmulas identitarias. Logo, o Rexurdimento parte dun chanzo máis baixo cá Renaixença na medida en que o catalán mantivo, non sen dificultades, un status de lingua respectada.

Mais, cal foi o impacto de *Cantares gallegos* no mundo cultural catalán?

A primeirísima referencia encontrámola no discurso de Celestí Barallat nos *Jocs Florals* de 1864. Apenas unha mención pero o suficientemente significativa (dado o contexto) para imaxinámo-la atenta recepción: “D’eixa saba s’ha aprofitat Na Rosalía de Castro al donar á la estampa sas cansonetas gallegas” (Anónimo, 134). Cómpre sermos conscientes de que o libro rosalián apenas tivo unha tiraxe de 150 ou 200 exemplares, por medio de previa subscrición. Colleitou un relativo éxito nos primeiros meses que se irá confirmando até liquidar existencias e ter que reeditala en 1872 (a única obra que tivo dúas edicións en vida da autora). Con isto queremos sinala-las limitacións e dificultades na distribución do orixinal.

Máis importancia, coidamos, é a tradución dun poema galego de Rosalía ó catalán xa que favorece a difusión e lectura nesa área lingüística. Situámonos no ano 1866, é dicir, tres anos despois da publicación de *Cantares gallegos*.

Pero denantes consideramos de atención reparar nas primeiras críticas literarias realizadas na prensa de Madrid para cotexas coas catalás. O asturiano Evaristo Escalera achácalle (se cadra como recurso literario):

Mi mente dirijió una secreta acusación contra la inspirada poetisa, por haber espresado en el dialecto de su país pensamientos tan perfumados, ideas tan poéticas é imágenes tan hermosas. Rosalía de Castro ha desheredado injustamente á los amantes de lo bello que tienen la desgracia de no conocer el dulcísimo dialecto gallego.⁴²

⁴¹ Manuel Milá manterá correspondencia con senlleiros intelectuais e provincialistas galegos como Manuel Murguía (home de Rosalía) ou Juan Antonio Saco Arce (autor da primeira gramática galega).

⁴² Vid. *La Iberia*, nº 2.875 (21.10.1863).

Francisco de Paula Canalejas, tras aplaudi-lo esforzo de colección de cantares populares como un exercicio en voga en Europa, láíase da inxustiza que Rosalía comete cos casteláns nalgúns poemas:

la autora de los *Cantares gallegos* ama á su triste patria con la desesperación del que la vé desconocida, y por los fatuos humillada. Encendida por este entusiasmo, alguna que otra vez brotan de su pluma censuras acres, y su acento, de ordinario plácido y sereno, se enronquece, y escribe versos que disuenan en el bellissimo tomo que analizamos. Disculpa, y aun disculpas encuentro á tal debilidad; pero no es una razón para que deje de lamentar el que figure en tan preciada colección el cantar ‘Castellanos de Castilla’.⁴³

Mais contundente foi a crítica de Ventura Ruiz de Aguilera en *El Museo Universal*:

¿Cómo Rosalía Castro, que tiene ternura, que tiene elocuencia, que tiene lágrimas, para amar, para bendecir y para llorar á su país desventurado, solo guarda, al parecer [...] maldiciones y desprecios para la hospitalaria Castilla, que en cambio del trabajo á que los hijos de Galicia, como todos los hombres, viven condenados en la tierra, ha partido siempre con ellos el pan de sus campos, en virtud de contratos soberanamente voluntarios y soberanamente libres, y aun prefiriéndolos á sus propios hijos, porque para las faenas en que los emplea son mejores que estos? [...]. Perdone, pues, Rosalía Castro mi irreverencia, y cuidadito cómo trata otra vez a mi pobre Castilla.⁴⁴

Porén, o libro de Rosalía foi calorosamente recibido en Catalunya e sen os matices indicados nas tres anteriores anotacións. Como dixemos, en 1866 *El Miño* de Vigo publicaba na segunda páxina “La visió ó La Verge del Consol. Traducció de la poesia escrita en gallego per la inspirada cantora Senyora Doña Rosalía Castro de Murguía. Humil obsequi a la actora”⁴⁵, que asinaba en La Bisbal Joan Sitjar i Bulcegura.

O propio escritor e propietario rural Joan Sitjar escribíralle unha carta a Rosalía en 1867 (Barreiro Fernández e Axeitos, 536). Polos contido e o ton empregados non parece que fose a primeira correspondencia cruzada entre eles. Divisamos un certo ámbito de confianza. Joan Sitjar achégalle tamén a tradución ó catalán do poema “Castellanos de Castilla”: “El Sr. Balaguer tiene traducida al catalá la composición o cantar de U., que le agradó mucho ‘Castellanos de Castilla, tratade ben ós galegos’.” É dicir, xustamente Víctor Balaguer traduce o poema máis criticado na prensa da Corte⁴⁶.

Así era. Víctor Balaguer levava ó catalán os poemas “Castellanos de Castilla” e “A gaita gallega”, ambos de radical reivindicación patriótica⁴⁷. Saíron publicados na súa obra *Esperansas y recorts* (1866), prologada precisamente por Ventura Ruiz de Aguilera. Xusto daquel escrito rosalián sobre Castela afirma Balaguer:

Colcom mes forta d’intenció y de pensament es aquesta poesia. Y no obstant, tot ben mirat, jo en ella no trovo ni rencor ni exclusivisme local (66).

Así, en 1867, Rosalía de Castro (que publicaría nese tempo *El caballero de las botas azules*) é convidada a participar nos *Jocs Florals* de Barcelona (interpretamos

⁴³ Vid. *El Contemporáneo*, nº 997 (6.4.1864).

⁴⁴ Vid. *El Museo Universal*, nº 22 (29.5.1864) e nº 23 (5.6.1864).

⁴⁵ Vid. *El Miño*, nº 987 (30.9.1866).

⁴⁶ Non podemos deixar de poñer en diálogo o poema rosalián con aquel de Verdaguer que se inicia “Ay Castilla castellana / no’t hagues conegut may!” Un estudo comparativo da obra de Mossèn Verdaguer e Rosalía de Castro véxase Castro Fernández (1997).

⁴⁷ No titulado “A gaita gallega” lemos: “Probe Galicia, non debes / chamarte nunca española, / que España de ti s’olvida / cando eres, ai!, tan hermosa.”

quen en calidade de raíña da festa)⁴⁸. Convite que desestimaría por razóns descoñecidas (económicas? Saúde?).

A recensión de *Cantares gallegos* nos medios escritos cataláns atrasaríase até 1868 (polo que nos consta arestora). Nesta data Francesc Pelagi Briz opinaba dende as páxinas do xornal que el mesmo fundara, *Lo Gay Saber*⁴⁹. Leámo-lo seguinte anaco:

Per nosaltres son llibre tè molta estima encara que pèl comú dels seus admiradors, porque la nostra llengua s'ha sentit lo que la gallega, nostra Catalunya ha vist esborrar sos mes dolsos recorts dels llibres nacionals, com ho ha vist fer Galicia. Totas dos terras fan una mateixa crehuada, la crehuada de la santa lley á la patria que'ns ha bressat á l'ombra de nostres dolsos recorts y als raigs del sol de nostra dolsa llenga. Catalunya no déu mirar de rehull á Galicia; catalans y gallegos som germans, la befa 'ns ha fet.

Na crítica a *Follas novas* de Josep Franquesa i Gomis, que trataremos despois, lemos outra opinión sobre a recepción da obra galega de Rosalía:

Sabut es lo soroll que mogué anys endarrera la publicació dels *Cantares gallegos* de la eminent poetisa y 'l més que entusiasme'l frenesi ab que fou rebut per nostres poetas que se sentian identificats amb aquells cants en aspiracions y en sentiments y en desitjos. Lo renaxement patriótic de Galicia exhalava un crit, una queixa dolorosa y agudíssima y aqueix crit de pena y de desesperació y de despit a la vegada, trobava en lo renaxement patriótic de Catalunya un eco tìdel y repetit per vint vegadas.⁵⁰

Rosalía de Castro e os *Cantares gallegos* aliaron as literaturas catalá e galega. Como se fosen pranchas de metal no estaleiro literario.

A correspondencia á cal temos acceso entre Murguía e Manuel Milà ofrece datos atractivos á investigación. En 1874 o intelectual catalán consúltalle o home de Rosalía sobre a lírica medieval galega e aspectos lingüísticos. Toda esa información valeulle a Milà para publicar “De la poesía popular gallega” na revista *Romania* (nº 6, 1877) Porén, as diverxencias en cuestións literarias puntuais e a ausencia nos agradecementos de Manuel Murguía na publicación do citado artigo valeulle a este un forte enfado que Milà tratará de relativizar e quitarlle ferro. Parece que resultou un esforzo ineficaz porque sobre 1882 se rompeu a relación.

Pero antes da ruptura, segundo nos relata Carme Hermida no seu significado libro *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa (1863-1899)*, o estudo máis completo sobre a relación de Rosalía con Catalunya:

M. Murguía escíbelle a M. Milà anunciándolle que «pronto tendré el gusto de remitir a V. un nuevo libro de mi esposa. Aunque diverso de los *Cantares*, por ser en verso y en el dialecto del país, creo que le agradarán» (58).

⁴⁸ “Venga usted, señora, será usted la reina del certamen” (Alonso Montero, 57). Entre os mantedores daquela edición atopamos a Joaquim Sitjar e a Roberto Robert. Temos sospeitas de que realmente o convite foi no ano 1868, ó cal Rosalía enviou o poema “Anque che son da montaña.” Os *Jocs Florals* de 1868 contaron con Víctor Balaguer na presidencia, e con figuras convidadas doutros territorios como Teodor Llorente, Frederic Mistral ou Ventura Ruiz de Aguilera. Parece críbel a hipótese de que, entre os territorios convidados, tamén estivese Galiza e que fose Rosalía a súa representante.

⁴⁹ O artigo titúlase “Bibliografía. Del moviment literari de certas nacionalitats antigas: Cantars gallegos de Na Rosalía Castro de Murguía.” Vid. *Lo Gay Saber*, nº 12 (15.8.1868) e nº 13 (1.9.1868). Tamén fará unha referencia ó poema “Castellanos de Castilla” como lectura recomendada e non condenada. Os poemas traducidos ó galego do número 13 fixéronos Joaquim Riera, Joan Martí, Joan Stijar e Antoni Careta i Vidal.

⁵⁰ Vid. *La Ilustració Catalana*, nº 17 (20.11.1880). No xornal *La Renaixensa* nº 8 (15.5.1871) recóllese a tradución de “Quíxente tanto, meniña” feita por Antoni Careta y Vidal.

Refírese a *Follas novas* (1880), publicado na Habana da man de Alejandro Chao e prologado por Emilio Castelar. Axiña *La Ilustración Catalana* anuncia a saída do prelo. A crítica literaria fixoa Josep Franquesa i Gomis nun longo artigo (que inclúe traducións ó catalán) publicado en dous números⁵¹. O catedrático de literatura de Barcelona comprende “l’odi de la poetisa á Castella y l’horro á l’emigració” que se atoutiña nos versos rosaliáns e que resultan inadmisíbeis por algúns críticos de Madrid. Franquesa alude decote á vontade de Rosalía de exalta-la patria galaica, a seiva e o alento galego que levan as creacións da poeta. Finalmente, o articulista critica a falta precisamente de “patriotismo” dos poetas cataláns (“han de cuidar de imprimir á sas obras lo segell caracteristich de la nostra rassa”) que se enredan con “l’amor ó las dolsuras de la Fé sense dexarhi infiltrat l’esperit de la terra.”

A divulgación de Rosalía de Castro e a súa obra será constante, coa tradución ó catalán e a mención á súa persoa en puntuais actos catalanistas⁵². Joan Martí será un dos mellores embaixadores⁵³.

Outra dos escasos exemplos de correspondencia que posuímos de Rosalía é do ano 1884. Quen lle escribe é a autora barcelonesa Agna de Valldaura, pseudónimo de Joaquina Santamaria i Ventura. Na epístola, que debeu ser unha de tantas outras xa que existe un espazo de fraternidade previo, a emisora comunicalle que traduciu (ó catalán?) algúns poemas de *Cantares gallegos* e *Follas novas* e agradécelle o envío da obra *En las orillas del Sar* (1884). Un libro en castelán mais de raizame galega até na tinta. Engade. “V. ama a su patria tanto como yo a la mía y esa paridad de sentimiento hace que la admiración que siento por sus obras, se una la simpatía más profunda” (Álvarez Ruiz de Ojeda, 57).

Un cancro de útero poría fin á vida de Rosalía en 1885. Tiña 48 anos. En apenas medio século coñeceu o sabor doce do recoñecemento literario pero tamén o acedo da crítica moribunda. A constante transgresión dos patróns morais, asumidos pola meirande parte daquela sociedade, impediu ou retrasou a acepción do discurso rosalián. Unha vida de mágoas familiares e económicas. Unha voz rotunda que soubo pór fin á impunidad con que se aldraxaba a Galiza e o seu pobo. *La Renaixensa* anunciaba: “Ha mort en Padron la distinguida poetisa gallega donya Rosalía Castro de Murguía.”⁵⁴

6. O traslado dos restos de Rosalía a Compostela

A admisión da poeta galega ía medrando devagar. Se hai 150 anos algunhas “señoritas” de Compostela alcumaran a Rosalía como a tola, hoxe a tola sería a sociedade que non recoñeza a excelencia literaria e moral da súa obra⁵⁵.

Cando se trasladan en 1891 os restos mortais dende Padrón a Compostela (repousan hoxe en San Domingos de Bonaval), varios intelectuais cataláns se sumarían á homenaxe que Galiza lle tributaba. Homenaxe póstuma a quen tanto deu en vida á terra. Os seus promotores foron os rexionalistas galegos organizados baixo as siglas Asociación Regionalista Gallega.

⁵¹ Vid. *La Ilustración Catalana*, nº 17 (20.12.1880) e nº 18 (30.12.1880).

⁵² Para coñece-la tradución ó catalán vid. Seixas Seoane (1999, 1406-1408).

⁵³ Traduciu “Nina tu la mes hermosa/nin, tu la mes galana”, en *Lo Gay Saber*, nº 9 (1.5.1878) e “Roja com lo sol daurat”, en *Lo Gay Saber*, nº 22 (15.11.1880), que dedicaba a Jaume Torrent e Na Josepha Roig. Na mesma revista publica Agna de Valldaura “Per monts y per campinyas”, tomado de *Follas novas*, nº 4 (15.2.1881). A autora publicaría outros poemas de Rosalía en catalán no libro *Rídotla* (1882).

⁵⁴ Vid. *La Renaixensa*, nº 2.764 (22.7.1885).

⁵⁵ Manuel Curros Enríquez, outro dos grandes poetas do Rexurdimento, lembraba nun excepcional poema na memoria de Rosalía: “Que aínda recei pola probe da tola/eu, que non teño quen rece por min.”

Nestes anos xa non falamos de provincialismo. O movemento nacionalista galego avanzaba no nivel que Miroslav Hroch predica na súa tese trifásica: *the period of scholarly interest a the period of patriotic agitation*. Agora comeza a teorización política da nación galega (período que denominamos rexionalismo) e a súa organización civil onde destacaríase de xeito rotundo Manuel Murguía, viúvo de Rosalía⁵⁶. E onde a mesma poeta se convertería nun símbolo das aspiracións progresistas e nacionalistas do pobo galego. A súa persoa transfigúrase na imaxe mesma de Galiza e comezaría, tamén, a súa mitificación segundo os intereses de cadaquén en distintos intres da historia deica hoxe.

Carme Hermida (39) explica:

A partir do ano 1885 nótase unha progresiva mudanza neste escaso coñecemento da realidade cultural e política de Galicia debido, fundamentalmente, a dúas razóns. Por unha banda, á propia situación galega pois a década dos oitenta supón a consolidación definitiva do rexurdimento cultural e mailo nacemento e progresivo asentamento da ideoloxía política denominada rexionalismo. A segunda razón do cambio é a aparición no mercado editorial de determinadas revistas de ideoloxía rexionalista.

La Patria Gallega (1891-92) e *Revista gallega* (1895-1907)⁵⁷, nas cales participaban os membros do faladoiro chamado Cova Céltica baixo a tutela de Manuel Murguía, manterían unha vizosa relación con *La Renaixensa* (1885-1905), *Lo Somatent* (1886-1903) e *La Veu de Catalunya* (1880-1937)⁵⁸.

Con certeza, as relacións entre cataláns e galegos aumentan tanto no plano escrito como no plano político. Manuel Murguía en 1890 e Alfredo Brañas en 1893 foron convidados os *Jocs Florals* de Barcelona. Na súa estancia aproveitaron para explica-la doutrina rexionalista en actos organizados polos colegas catalanistas. O profesor Barreiro Fernández, na súa densa biografía de Murguía, explica:

Dende o primeiro momento os catalanistas prestan ao movemento rexional galego unha grande atención. Paralelamente, ábrese unha intercomunicación epistolar na que toman parte Pella y Forgas, Sebastía Farnés, J. Ruibó y Ors, Joan Serra y Sulé, Ángel Guimerá, Joaquín Valls [...], José María Valls y Vicens; Lluís Domenech y Montaner etc. (2012, 773).

Durante a visita de Murguía a Barcelona, os membros da Lliga de Catalunya entregaron unha coroa de bronce na memoria e honra da súa defunta dona: “corona que será oferta á la regió germana en nom dels catalanistas”⁵⁹. Canda ela ía unha nota asinada polo vicepresidente Josep Maria Valls i Vicens e o secretario Joaquim Vales i Pallerola que comezaba:

La comunitat d’ideas, d’aspiracions y de sentiments que hi há entre los nacionalistas gallegos y los catalanistas de nostra terra, han fet náxer corrents de simpatía y llassos de verdadera germanó entre’ls dos païssos respetius.⁶⁰

Como iamos dicindo ó inicio deste epígrafe, coa ocasión do traslado dos restos de Rosalía, os rexionalistas galegos encargáronse de organizar e axita-la homenaxe,

⁵⁶ Alfredo Brañas, rexionalista conservador, foi quen máis atención e simpatía levantou entre os sectores rexionalistas cataláns. En Barcelona publicou *El regionalismo* (1889), unha obra que influiría en Enric Prat de la Riva e Francesc Cambó. Mais tamén Brañas admirou a obra e avance rexionalista catalán.

⁵⁷ Sobre a visión do catalanismo dende as páxinas de *Revista Gallega*, vid. Sunyer.

⁵⁸ Anunciábanse os actos culturais e políticos; a publicación de libros como *Joventut, primeras poesias* (1891) de Buenaventura Bassegoda ou *Ayres del Ampurdá* (1891) de Francisco Marull de Palamós; a tradución de poemas como a que fai Alfredo Brañas do titulado “Escoita” de Antoni de Company; ou a publicación das Bases de Manresa (vid. *Revista Gallega*, nº 110, 11.4.1897).

⁵⁹ Vid. *La Renaixensa*, nº 5.673 (13.5.1890). O poema de Llorente titúlase “Á la bona memoria de la poetisa Rosalía Castro”; o de Joaquim Rubió “Á la memoria de Na Rosalía Castro de Murguía.”

⁶⁰ Vid. *La Ilustració Catalana*, nº 261 (31.5.1891) ou *La Patria Gallega*, nº 3 (30.4.1891).

conseguindo adhesións de concellos, asociacións, centros galegos etc. e tamén chamaron a participar os irmáns cataláns.

No boletín *La Patria Gallega*, voceiro da Asociación Regionalsita Gallega, recóllense as crónicas do emotivo acto. A cantidade de xente que se adheriu contrasta coa escaseza que acompañou o enterro no camposanto de Adina (Padrón) en 1885. En seis anos, Rosalía acadara o recoñecemento e valoración do seu pobo, e máis alá.

Teodor Llorente e Joaquim Rubió publicarían cadansúa colaboración no número 5 do citado boletín⁶¹. No caso de Joaquim inclúese a tradución do poema ó galego a cargo de Salvador Cabeza de León.

Finalmente, os distintos escritos de *Cantares gallegos* que se foron verquendo ó catalán deron como resultado a publicación de *Poesies gallegues* (1917) de Joan Martí i Trenchs, con prólogo de Josep Granger.

7. Conclusións

O proceso constitutivo do Rexurdimento e da Renaixença teñen puntos comúns e diverxentes. Admitímo-la procura do encaixe para cadansúa cultura dentro do intento de construción compartida do sistema liberal no Estado español e, asemade, a procura da confección do discurso identitario por medio do pasado glorioso, costumes, folclore, paisaxe etc. En ambos países repítense estes feitos.

Na nosa opinión, o provincialismo principalmente naceu como reacción e resposta á desatención ós intereses propios das dúas comunidades nacionais. Uns, porque non se respondía ás necesidade de progreso industrial; outros, na Fisterra atlántica, percibían un abandono absoluto pero arrastrando as mesmas cargas tributarias (agudizadas nun lugar dominado polo contrato foral da terra) que noutros territorios do Estado español⁶².

Sumámonos á tese da feble nacionalización española. Sobre todo, cando en Galiza, cunha poboación tan dispersa, resulta moi complexo introducir un discurso identitario eficaz que remova ou desfaga o herdado ó longo de tantísimas xeracións.

As bases ideolóxicas que centran o discurso provincialista son distintas como o son as bases do Rexurdimento e da Renaixença.

A presenza dun liberalismo progresista, ligado seguramente á influencia do romanticismo tardío de Lammenais ou Víctor Hugo, determinan a construción do Rexurdimento. O progresismo persegue, cruza e nutre case cada espazo que os provincialistas galegos van creando (incluídos os culturais). O progresismo percíbese de maneira diáfana nos *Cantares gallegos* de Rosalía, n'*A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos ou nos poemas de Francisco Añón. A realidade social determina en boa medida a creación literaria (en ocasións, escríbese como contestación e non por vontade creativa). Non hai apenas relixiosidade nin loas poéticas ó pasado medieval (moi descoñecido). Non hai exaltación do celtismo até a obra de Eduardo Pondal nin hai intencións de recuperación da “virxindade” lingüística. Todo o contrario: o Rexurdimento, no plano literario, procura dignifica-lo pobo por medio da fala deste e da comprensión da súa problemática (denunciando a fame, burla ou emigración). Non importan os castelanismos ou os roles morais que se deban romper, importa que eses mariñeiros e labregas se identifiquen coa obra, que a perciban como un retrato do seu cotián. E que esa identificación leve de ganchete a toma de conciencia (política?) sobre a

⁶¹ Vid. *La Patria Gallega*, nº 5 (30.5.1891). Tamén se reproduciron en *La Veu de Catalunya*, nº 24 (21.6.1891).

⁶² Os intereses económicos de cataláns e galegos tamén estiveron enfrontados. Mentres a burguesía catalá defende o proteccionismo, os burgueses (case todos cataláns, ollo!) galegos defende o librecambismo e o desestanco de produtos como o sal.

marxinación, esquecemento e maltrato secular que sufría (e sofre) Galiza. Ergo, que tomen conciencia de exercer como pobo galego, con ou sen soberanía recoñecida.

No caso catalán encontramos unha abundancia de textos relixiosos, de exaltación do pasado medieval e un certo grao de gusto polo elitismo intelectual. O viero central é a tendencia moderada ou conservadora que no plano literario manifestou unha liña de afastamento da descrición literaria da conflictividade social que se producía, por exemplo, na Barcelona fabril. Hai unha fuxida do presente de enfrontamentos e *bullangas* cara a un pasado e rural idealizados onde o catolicismo delimita os marcos morais da sociedade.

Porén, as diferenzas determinan a singularidade á hora de crea-lo discurso renacentista. Neste sentido, consideramos clave a existencia dunha identificación (máis ou menos consciente) da cidadanía coas institucións propias. Así, no caso catalán a presenza ou memoria dos organismos con poder autónomo está máis presente có Reino de Galiza para os seus habitantes. Posuír espazos ou núcleos de poder propios tamén permiten prestixia-la lingua: non só é o idioma do traballo. Por esta razón, observamos como os escritores do Rexurdimento fan un esforzo para recupera-lo idioma e expulsalos prexuízos herdados nos anteriores séculos. Parte, por tanto, dun estadio inferior respecto do catalán, que contaba coa simpatía dalgúns sectores da burguesía e da nobreza. Non esquezamos as posicións e participación das clases sociais na creba do Antigo Réxime e o inicio do liberalismo: a ausencia de liderado en Galiza fronte á presenza da burguesía catalá⁶³.

Deste xeito, ambos procesos camiñaron case á par no tempo e metamorfoseáronse na mesma dirección (do plano de maioría estritamente cultural ó plano de máis actuación política) dende as singularidades históricos, económicas ou sociais de cada pobo. Sen dúbida, o recibimento da obra de Rosalía en Catalunya e a atención continuada que xerou despois da súa morte axudaron ó mantemento desta unión de vontades e ó recoñecemento mutuo sen o filtro de metrópole madrileña. Rosalía adoitaba saír nos discursos ou actos de confraternidade entre galeguistas e catalanistas. Sempre ela. A muller da poesía galega que deu ouro e brillantez ó Rexurdimento.

Rematamos tomando de Carme Hermida (83) a seguinte valoración:

En definitiva, Rosalía de Castro non é o único referente das noticias culturais de Galicia que se difunden en Barcelona, pero si resultou se-la personalidade galega máis coñecida. [...] A súa persoa e a súa obra ostentaron durante moito tempo a representatividade do labor de creación e animación cultural realizado en Galicia por unha ampla nómina de persoas. Se algunha destas persoas adquiriu un certo protagonismo individual en Cataluña debeullo, ademais de ós propios méritos, ó interese que espertaron as creacións da padronesa, porque estas foron as que conseguiron abrir unha canle de comunicación entre a cultura galega e a catalana.

⁶³ Tampouco é menor o reducido eco do carlismo en Galiza fronte ás relevantes asonadas no territorio catalán. A evolución dos pobos está moi ligada ó devir das clases sociais dirixentes.

Obras citadas

- Alonso Montero, X. *Rosalía de Castro*. Madrid: Edic. Júcar, 1972.
- Álvarez de Junco, J. *Mater Dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*. Madrid: Taurus, 2003.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, V. “Aña de Valldaura, unha amizade catalá de Rosalía de Castro.” *Festa da Palabra Silenciada* 26 (2010): 56-59.
- Angueira, A. “O Coloquio fonte, o coloquio río, océano Sarmiento (II parte).” *A Trabe de Ouro* 90 (2012): 167-184.
- Anónimo. *Jochs florals de Barcelona en 1864*. Barcelona: Establiment Tipogràfic de Narcis Ramirez y Rialp, 1864.
- Balaguer, V. *Esperansas y recorts. Poesias catalanas que forman la segona part del trovador de Montserrat*. Barcelona: Establiment Tipogràfic de Jaume Jepús, 1866.
- Barreiro Fernández, X. R. *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Compostela: Editorial Pico Sacro, 1977.
- . *Murguía*. Vigo: Editorial Galaxia, 2012.
- Barreiro Fernández, X. R. & X. L. Axeitos. *Cartas a Murguía (II)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005.
- Bastons i Vivanco, C. “A vueltas con Rosalía de Castro desde Cataluña.” En *Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes*. [Consulta do 3.1.2013]
- Beramendi, J. *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais, 2007.
- Carballo Calero, R. *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia, 1975.
- Carbonell, J. “Elements d’història social i política de la llengua catalana.” En *Treballs de sociolingüística catalana 2*. València: Eliseu Climent Editor, 1979. 87-102.
- Castro, R. de. Anxo Angueira ed. *Cantares gallegos*. Vigo: Edicións Xerais, 2013 [1863].
- Castro Fernández, J. M. de. *Rosalía de Castro y Jacinto Verdaguer, visión comparada*. Barcelona: Reial Acadèmia de Doctors, 1997.
- Cebreiro, M.^a do. *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004.
- Dobarro Paz, X. M.^a. “O nacemento dunha literatura.” En Carballo Rodríguez M.^a I. e R. Moreiras Cuñarro eds. *Os Séculos Escuros. O século XIX*. A Coruña: Hércules de Ediciones: A Coruña, 2000. Tomo XXXI: 90-109.
- Dupláa, C. “Rosalía de Castro y el Rexurdimento gallego. Posibles conexiones con la Renaixença catalana.” En *Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Compostela: Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela, 1986. 413-418.
- Espadaler, A. M. *Història de la literatura catalana*. Barcelona: Barcanova, 1993.
- Francés, A. F. e M. N. Amorós. *Història de la llengua catalana*. Barcelona: Editorial UOC, 2011.
- Ginebra, J. “La Renaixença des del punt de vista de la història social de la llengua.” En *Professor Joaquim Molas. Memòria, escriptura, història*. Barcelona: Publicacions Universitat de Barcelona, 2003.
- González Besada, A. *Rosalía Castro. Notas biográficas*. Madrid: Biblioteca Hispania, 1917.
- Hermida, C. *Os precursores da normalización*. Vigo: Edicións Xerais, 1992.

- López López, A. & A.-J. Pociña López. *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliográfica (1837-1990)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993.
- Mariño Paz, R. "Motivacións para o emprego da lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XX." *Grial* 105 (1990): 35-67.
- . *Historia da lingua galega*. Compostela: Sotelo Blanco, 1999.
- Migués, V. M. *A fidalguía galega, aproximación á xenese, desenvolvemento e consolidación dunha elite socio-económica no Antigo Réxime*. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Tese doutoral), 1999. 2 vols.
- Milà i Fontanals, M. *De los trovadores en España. Estudio de lengua y poesía provenzal*. Barcelona: Librería de Joaquín Verdaguier, 1861.
- Murguía, M. *Diccionario de escritores gallegos*. Vigo: Imprenta de Juan Compañel, 1862.
- Pardo de Guevara y Valdés, J. *De linajes, parentelas y grupos de poder. Aportaciones a la historia social de la nobleza bajomedieval gallega*. Madrid: Fundación Cultural de la Nobleza Española, 2012.
- Presedo Garazo, A. *Dueños y señores de casas, torres y pazos, 1500-1900. (Contribución al estudio de la fidalguía gallega)*. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Tese doutoral), 2001. 2 vols.
- Ribbans, G. "Renaixença/Rexurdimento: lírica catalana, lírica galega." En A. Carreño ed. *Actas do segundo congreso de estudos galegos*. Vigo: Editorial Galaxia, 1991. 35-37.
- Ribera Llopis, J. M. e O. Rodríguez González. "Crisi finisecular en la cultura gallega: atención al model català." En J. Molas et al. *1898: entre la crisi d'identitat i la modernització. Actas del Congrés Internacional celebrat a Barcelona, 20-24 d'abril de 1998*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2010, vol. I. 249-262.
- Riquer, B. de. *Escolta, Espanya. La cuestión catalana en la época liberal*. Madrid: Marcial Pons, 2001.
- Rodríguez, Francisco. *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*. A Coruña: AS-PG, 2011.
- Saavedra Fernández, P. "A 'Doma' do Reino de Galicia." *Colóquio. Letras* 137/138 (1995): 41-49.
- Seixas Seoane, M. A. "Galicia nas linguas do mundo: inventario de textos en galego e de Galicia traducidos ó albanés, árabe, aranés, armenio, asturiano, baixo saxón, basco, bretón, búlgaro, catalán, checo, chinés, croata e esloveno." En Álvarez, R. & D. Vilavedra coords. *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2010. Vol. II: 1397-1420.
- Sunyer Molné, M. "Relacions catalanogallegues a la *Revista Gallega* (1895-1897)." En *Actes del quinzé col·loqui internacional de llengua i literatura catalanes*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2010. Vol. II: 217-224.
- Villares, R. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2004.